

A SITUACIÓN
DAS MULLERES
AO LONGO DA
HISTORIA

• Índice

1. Feminismo:

1.1. Introducción.

1.2. Factores que condicionaron a situación das mulleres.

1.3. Situación laboral das mulleres.

1.4. Significado da palabra muller.

2. Sufraxio feminino:

2.1. Introducción.

2.2. Países que garantiron o sufraxio feminino.

2.3. Primeira muller en exercer o dereito a votar.

3. Dereitos legais da muller na historia.

1. Feminismo:


1.1. Introducción:

O movemento feminista perseguíu o recoñecemento da igualdade de oportunidades e a igualdade de dereitos entre mulleres e homes. Como movemento político coherente e organizado colectivamente, o feminismo arranca nas sociedades europeas do século XIX. Durante o século XX, o feminismo creceu notoriamente en todo o mundo, primeiro en América e máis tarde tamén en Oceanía, Asia e África.





2.2. Factores que condicionaron a situación das mulleres:

Factores asociados ao modo de produción como a división sexual do traballo, ademais de factores históricos, en combinación cos costumes e as tradicións sociais e relixiosas condicionaron fortemente que especialmente nas sociedades europeas da Antigüidade, a Idade Media e Moderna, o patriarcado fose a forma de organización social dominante, na que os homes tiñan un papel moi preponderante, especialmente nos asuntos públicos. As revolucións burguesas e proletarias dos séculos XIX e XX, axudaron a que as teses dos movementos feministas tivesen amparo nas lexislacións da maior parte dos estados modernos.



1.3. Situación laboral das mulleres.

Actualmente, na maior parte de estados, debido aos cambios económicos, o apoio do poder económico e as reivindicacións do movemento feminista e outros movementos de dereitos humanos, as mulleres teñen acceso a carreiras profesionais e traballos similares aos dos homes na maior parte das sociedades. En moitas sociedades modernas as mulleres teñen plena igualdade xurídica tanto no ámbito laboral coma no familiar, poidendo ser cabezas de familia, detentar altos cargos tanto en política coma en grandes empresas. Así que se podería dicir que as condicións das mulleres melloraron.



1.4. Significado da palabra muller.

Algunhas correntes feministas cambian constantemente o significado da palabra muller, entendéndose que a categoría muller está estreitamente vinculada á expresión de xenitalidade, polo que frecuentemente se presupón que muller é aquela cuxa expresión gonádica é igual a XX. Esta articulación discursiva susténtase sobre fundamentos biolóxicos e esencialistas. A naturalización do concepto impide o seu cuestionamento, dogmatizándoo. Porén, desde diferentes correntes feministas, isto foi criticado. O rol sexual e o exercicio da sexualidade son en si mesmos, construcións socioculturais motivadas por un mecanismo de control social, e dunha reprodución das estruturas de poder. Ademais, a categoría muller conceptualízase en tanto que oposta á categoría home, formando así un binomio, mutuamente excluínte, a partir do cal se articula a distinción de sexo (femenino - masculino, respectivamente). Nesta situación existe opresión social cando as persoas non reproducen os esquemas preestablecidos de acordo ao esperado, limitando a diversidade sexual, omitindo e deixando á marxe situacións tales como a transexualidade e a intersexualidade.

ESPACIOS Y ATRIBUTOS PARA CADA SEXO

| MUJER | HOMBRE |
|--------------------------|------------------------|
| ===== | ===== |
| Rol reproductivo | Rol productivo |
| ESPACIO doméstico | ESPACIO público |
| Dulzura | Fortaleza |
| Comprensión | Competencia |
| <u>Emotividad</u> | <u>Razón</u> |

2. Sufraxio feminino:

2.1. Introducción:

O sufraxio feminino foi garantido e revogado varias veces en distintos países do mundo. En moitos, o sufraxio feminino garantiuse antes que o sufraxio universal; así, unha vez concedido este, ás mulleres e varóns de certas razas, aínda se lles seguía negando o dereito a votar.




2.2. Países que garantiron o sufraxio feminino:

O primeiro sufraxio feminino, coas mesmas características propias que o masculino, garantiuse en Nova Jersey en 1776, aínda que se rescindiu en 1807. Pitcairn garantiu o sufraxio feminino en 1838. Varios países e Estados garantiron un sufraxio feminino restrinxido na segunda metade do século XIX, comezando por Australia do Sur en 1861. O primeiro sufraxio feminino sen restrinxir, no que a dereito a votar se refire, xa que ás mulleres non se lles permitía presentarse a eleccións, aprobouse en Nova Zelandia en 1893.

| PAÍS | OBTENCIÓN DEL DERECHO AL VOTO FEMENINO |
|----------------|--|
| Finlandia | 1906 |
| Noruega | 1913 |
| Dinamarca | 1915 |
| Islandia | 1915 |
| Austria | 1918 |
| Irlanda | 1918 |
| Alemania | 1919 |
| Luxemburgo | 1919 |
| Países Bajos | 1919 |
| Canadá | 1920 |
| Estados Unidos | 1920 |
| Suecia | 1921 |
| Reino Unido | 1928 |
| España | 1931 |
| Francia | 1944 |
| Italia | 1945 |

2.3. Primeira muller en exercer o dereito a votar:

A primeira muller en exercer formalmente o dereito ao voto político en América Latina foi Matilde Hidalgo de Procel en 1924, na cidade de Loja, convertindo ao Ecuador no primeiro da rexión que permitiu o voto feminino. Porén non se descartan anteriores brotes de loita pola participación da muller na política. Seguramente Matilde Hidalgo de Procel, quen ademais sería a primeira muller en licenciarse nunha carreira universitaria e doutorarse en medicina no Ecuador, abrazaría a influencia dun importante movemento feminino chileno polo dereito ao sufraxio que “apoiándose na resolución do ministro Zenteno, se inscribiu para votar por Benjamín Vicuña Mackenna nas eleccións presidenciais de 1876. Ao calor da campaña antioligárquica deste candidato, as mulleres reclamaron o dereito ao sufraxio e, a pesar da negativa das autoridades, alcanzaron a inscribirse en La Serena”.



3. Dereitos legais da muller na historia:

Ao longo da historia, na maioría das culturas, as mulleres foron sometidas a estruturas patriarcais que lles negaron os dereitos humanos máis fundamentais. As leis antigas e os sistemas tradicionais, como o cristianismo e o islamismo, antecedentes dos sistemas modernos, provocaron a dependencia da muller, de forma análoga á escravitude, á explotación das clases desfavorecidas e á man de obra. Unha das razóns podería ser o fortalecemento e sostemento do poder e da actividade económica e de igual forma se evidencia que quen resultan sometidos son vistos, polos explotadores, como seres inferiores, inmaduros, infantís, malvados ou depravados.

BARRERAS LEGALES Fuente: unwomen.org



Sólo **63** países cuentan con leyes **contra la discriminación de género** en las prácticas de contratación

En **18** países, los esposos pueden impedir legalmente que sus esposas trabajen.

